



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas enchentes do mes de novembro en diferentes municipios galegos

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de acondicionamento da estrada LU-722 Becerreá-Navia de Suarna. Treito I: Becerreá-A Ribeira
- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do novo vial de conexión: Rairo-Bemposta

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a realización de programas para o desenvolvemento de servizos de atención á primeira infancia (0-3 anos)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do protocolo anual adicional ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais polo que se determinan as achegas económicas das partes e se incorporan os proxectos seleccionados para a realización de programas do Plan de Acción para Persoas Maiores



- Acordo polo que se aproba o Plan Galego do Voluntariado 2006-2010

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a subvención de actividades en materia de normalización lingüística das entidades locais de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Castro Caldelas para actuacións de acondicionamento da rede museística-patrimonial de Castro Caldelas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Facenda para adquirir accións da Sociedade Sodiga Galicia S.C.R.S.A., así como para subscribir novas accións na aplicación de capital promovida pola dita empresa por un importe de 6.497.813,71 euros

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se aproba o Plan de Seguridade Viaria de Galicia

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a modificación dos compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria en relación coas axudas convocadas nos Anexos I e II da orde pola que se convocan as axudas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores do Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o ano 2006

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dun estudo sobre a valorización como fonte enerxética da biomasa forestal



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Fundación Érguete-Integración para o programa de intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da terceira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR) para o ano 2007

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Mañón (A Coruña) para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos por importe de 165.886,45 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Arzúa (A Coruña) para a construción dun punto limpo por importe de 199.738,17 euros
- Acordo polo que se aproba a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Axencia de Desenvolvemento Provincial Imbabura (Ecuador) para a elaboración do proxecto denominado "Capacitación e asistencia técnica para as xuntas parroquiais rurais da provincia de Imbabura" por importe de 30.000 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se dá aprobación definitiva do proxecto sectorial e do correspondente proxecto de urbanización do parque empresarial de Vimianzo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Autoridade Portuaria de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para resolver o réxime de condominio dos terreos expropiados no marco da actuación da Plataforma Loxística e Industrial Salvaterra-As Neves
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Consorcio Zona Franca de Vigo



INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta sobre as actuacións en materia de TIC nos centros públicos de ensino non universitario nos anos 2006 e 2007



A XUNTA APROBA UN DECRETO CON NOVAS MEDIDAS E AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL DE NOVEMBRO

- Ábrense liñas de axuda para cubrir os danos ocasionados en vivendas e no enxoval doméstico, para repoñer infraestruturas e equipamentos privados e solventar os danos en explotacións agrícolas, gandeiras e marisqueiras, ademais de en establecementos comerciais e turísticos. As entidades locais tamén recibirán axudas

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un novo decreto de medidas e axudas urxentes para a reparación dos danos causados polos temporais de chuvia e vento do mes pasado de novembro que afectaron a diversos concellos das provincias da Coruña e Pontevedra. Establécense diferentes liñas de axudas encamiñadas a cubrir danos persoais, danos causados en vivendas e enxoval doméstico, reparación de infraestruturas e equipamentos privados danados, danos en explotacións agrícolas e gandeiras, compensación de danos sufridos en establecementos comerciais e turísticos e axudas a entidades locais.

O decreto aprobado hoxe segue o modelo do Decreto 180/2006, do 19 de outubro, destinado a paliar os danos causados polo temporal na Costa da Morte, que foi ampliado máis tarde para estender as súas medidas a concellos afectados por un posterior temporal que tivo as súas peores consecuencias en municipios como Baiona ou Oia. Ante a magnitude dos danos provocados pola última situación de meteoroloxía adversa na Comunidade, o Consello da Xunta aprobou hoxe un novo decreto que establece máis medias e axudas para os municipios afectados.

As axudas públicas reguladas no Decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta desenvolveranse ao abeiro de ordes específicas de diferentes departamentos autonómicos, que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia. Así, estableceranse axudas concretas desde a Consellería de Economía; desde a Consellería de Vivenda; desde a Consellería de Medio Rural; desde a de Medio Ambiente; procedentes da Consellería de Innovación e Industria; procedentes da Consellería de Presidencia; da Consellería de Política Territorial e da Consellería de Pesca.

Cobertura de danos en vivendas e enxoval doméstico

Paralelamente, serán obxecto de axuda os danos causados na vivenda que constitúa a residencia permanente e habitual dos seus moradores, na parte non comprendida nas axudas que puidesen aprobar outras administracións públicas. Cubrirase ata o 100 por cento do valor de reparación ou reposición do inmovible danada, sen que, en ningún caso, o importe da dita axuda poida superar o límite do 100 por cento do prezo de venda dunha vivenda de promoción autonómica de prezo xeral na mesma localidade.



Así mesmo, serán obxecto os danos causados no resto das vivendas, ata acadar o 40 por cento do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 40 por cento do prezo de venda dunha vivenda de protección autonómica na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse, polo menos, á vivenda ocasional. O texto do decreto sinala que se entende tamén por vivenda, para acollerse a estas axudas, as construcións anexas e instalacións complementarias e elementos comúns de comunidades de propietarios.

Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade. O importe da axuda será do 100 por cento ou do 40 por cento dos gastos de reparación ou reposición dependendo de que o enxoval sexa o da vivenda habitual e permanente ou o da vivenda ocasional, respectivamente. Os beneficiarios destas axudas serán os propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios dos bens referidos que sufragasen os gastos necesarios de reparación ou reposición.

Reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados

Tamén se establecerán axudas para a reparación dos danos causados polas inundacións en infraestruturas de titularidade privada tales como camiños forestais e captacións privadas.

Axudas para explotacións agrícolas, gandeiras ou marisqueiras e locais comerciais
Paralelamente, o decreto recolle que serán obxecto de axudas os danos causados por mor das enchentes nas explotacións agrícolas, gandeiras e marisqueiras que non fosen cubertas polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado. Así mesmo, cubriranse danos directos provocados nos establecementos comerciais, mercantís, industriais ou turísticos como consecuencia das enchentes, nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

Axudas ás entidades locais

Finalmente, serán obxecto de axudas ou de actuación directa sobre os bens afectados os danos provocados en infraestruturas locais non previstos nas axudas que para o efecto puidesen aprobar outras administracións, así como os gastos extraordinarios en que incorresen como consecuencia directa das fortes choivas.

Este paquete de medidas e axudas, aprobado hoxe polo Goberno galego, ten un carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos do que poidan ser beneficiarios os afectados. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas terán carácter



complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións públicas ou privadas.



A XUNTA INVESTIRÁ 2,8 MILLÓNS DE EUROS NO TRAMO VIARIO QUE UNIRÁ AS LOCALIDADES OURENSÁS DE RAIRO E BEMPOSTA

- Este treito forma parte da circunvalación este de Ourense e estará rematado en 2009
- O novo cinto permitirá canalizar o tráfico procedente da A-52 e da N-525 cara á zona nordeste de Ourense, o que redundará nun incremento da seguridade viaria e na mellora dos tempos de conexión

O Consello da Xunta de hoxe declarou a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra de construción da nova infraestrutura entre as localidades de Rairo (desde a CV-401) e Bemposta(OU-105), en Ourense. A actuación, que acometerá a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, conta cun orzamento total de preto de 2,8 millóns de euros, nos que están incluídos as correspondentes expropiacións (que afectan a un total de 130 predios).

A data estimada para o inicio das obras, que se levarán a cabo ao longo de 11 quilómetros, é o segundo trimestre de 2007 e a data de remate das mesmas sitúase no cuarto trimestre de 2009.

O treito Rairo-Bemposta (de 1,7 quilómetros de lonxitude) forma parte da circunvalación leste de Ourense e, unha vez executado, dará continuidade ao tramo A Granxa-Rairo, que foi aberto ao tráfico a finais do mes pasado.

Este cinto de circunvalación permitirá canalizar o tráfico procedente da autovía A-52 e da N-525 cara á zona nordeste de Ourense (e á inversa) por fóra do núcleo urbano, o que redundará nun incremento da seguridade viaria e na mellora dos tempos de conexión.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 6,5 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA ESTRADA QUE UNE AS LOCALIDADES LUGUESAS DE BECERREÁ E A RIBEIRA

- As obras afectan a 11 quilómetros da LU-722 e permitirán mellorar considerablemente unha vía que discorre por unha zona con condicións meteorolóxicas moi adversas na época invernal

O Consello da Xunta de hoxe declarou a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra de mellora da estrada LU-722 Becerreá-Navia de Suarna, correspondente ao primeiro treito que une Becerreá e A Ribeira. A actuación, que acometerá a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, conta cun orzamento total de preto de 6,5 millóns de euros, nos que están incluídos as correspondentes expropiacións (que afectan a un total de 348 fincas).

A data estimada para o inicio das obras, que se levarán a cabo ao longo de 11 quilómetros, é o segundo semestre de 2007 e a súa data de remate sitúase no segundo semestre de 2009.

Esta actuación ten por obxectivo mellorar as condicións de circulación nunha estrada que discorre por unha zona con condicións meteorolóxicas adversas na época invernal. Ademais, o único itinerario alternativo é a través dunha estrada de titularidade da Deputación Provincial que atravesa unha zona moito máis montañosa e con problemas de neve durante o inverno.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS INVISTEN MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS NO DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA

- Fináncianse programas para o mantemento de escolas infantís, para a construción ou ampliación de novos centros e para a creación de novas prazas, entre outros
- Un total de 33 concellos beneficiaranse da sinatura deste convenio posto que se financiarán os programas para o mantemento das súas escolas infantís
- Ademais, ao abeiro deste convenio financiarase a construción e ampliación de distintas escolas infantís noutros 7 municipios de Galicia
- O convenio recolle tamén a realización dun programa específico para a atención á primeira infancia en zonas rurais con poboación moi dispersas que se desenvolverá en 15 concellos galegos

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a realización de programas para o desenvolvemento de servizos de atención á primeira infancia (de 0 a 3 anos). O investimento global destas iniciativas é de 7.265.899 euros, dos que a Xunta achega 5.599.609 euros e o Goberno Central os restantes 1.666.290 euros. O obxectivo dos programas que se poñen en marcha a través desta colaboración é crear e mellorar os servizos de atención aos nenos e nenas galegos de menos de tres anos de idade.

Deste xeito, o convenio permite favorecer que os concellos galegos, desde as súas competencias, dean resposta progresiva ás necesidades de atención á infancia no seu ámbito territorial.

Mantemento de escolas infantís

O convenio que será asinado proximamente permitirá o financiamento dos programas para o mantemento de escolas infantís, a maioría de titularidade municipal e outras de entidades sen ánimo de lucro.

As corporación locais que se benefician desta iniciativa son 33 na provincia da Coruña (Abegondo, Ames, Arteixo, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Cerceda, Corcubión, Culleredo, Melide, Miño, Mugar dos, Narón, Negreira, Oleiros, Oroso, Padrón, Pontedeume, As Pontes, Ribeira, Sada, Santa Comba, Santiago, Teo, Val do Dubra, Vedra e Vimianzo). Na provincia de Lugo son 13 concellos os beneficiarios (Barreiros, Becerreá, Burela, Castro de Rei, Chantada, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Palas de Rei, Quiroga, Vilalba e Viveiro).



Outros 5 municipios da provincia de Ourense (Allariz, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Vilamartín de Valdeorras e Xinzo de Limia) e a Mancomunidade de concellos do Ribeiro) acóllense a este programa, mentres que na provincia de Pontevedra son 24 os concellos beneficiados (Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Catoira, A Estrada, O Grove, A Guarda, Lalín, Meaño, Mondariz-Balneario, Mos, Pontearreas, Pontecesures, O Porriño, Ribadumia, O Rosal, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Tomiño, Valga, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa).

En canto ao mantemento dos centros infantís de titularidade de entidades sen ánimo de lucro, na provincia da Coruña fináncianse 3 escolas (2 en Santiago e 1 na Coruña), en Lugo 1 (na propia cidade de Lugo), 1 tamén na provincia de Ourense (no concello da Rúa) e 6 na provincia de Pontevedra (3 no concello de Vigo, 1 en Cangas, 1 en Moaña e 1 en Gondomar).

Construción e ampliación de distintos centros infantís

Os servizos de atención á primeira infancia que financian Xunta e Ministerio inclúen tamén a construción e ampliación de distintos centros infantís en 7 municipios de Galicia. Na provincia da Coruña, trátase da construción da escola infantil municipal de Rois e da segunda fase da construción das escolas infantís municipais de Fene e da Laracha. Na provincia de Ourense, execútase a segunda fase de obras para a ampliación de prazas na escola infantil municipal de Xinzo de Limia, mentres que na provincia de Pontevedra tamén se realizarán as obras para incrementar prazas na escola da Cañiza e se fará a segunda fase de construción das escolas infantís de Baiona e de Barro.

Atención á primeira infancia en zonas rurais

O convenio recolle tamén o desenvolvemento dun programa específico, denominado Preescolar na casa, para a atención á primeira infancia en zonas rurais con poboación moi dispersa. Son en total 15 concellos en toda Galicia os que se beneficiarán desta iniciativa (Arzúa, Boimorto, Melide, Santiso, Toques, Sobrado, Friol, Guntín, Lugo, Palas de Rei, Monterroso, Portomarín, O Incio, Láncara e Sarria).



XUNTA E GOBERNO CENTRAL DESTINAN 13 MILLÓNS DE EUROS AO FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS E SERVIZOS PARA OS MAIORES E PARA A ATENCIÓN AO ALZHEIMER

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura do protocolo anual que establece o cofinanciamento de programas que se desenvolverán no marco do Plan de Acción para Persoas Maiores
- Estes programas teñen como obxectivo acadar unha mellor calidade de vida para os maiores dependentes galegos e os seus familiares e prestan unha especial atención á cobertura das necesidades dos enfermos de Alzheimer en Galicia

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura do protocolo anual adicional ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais que regula o investimento de preto de 13 millóns de euros para programas recollidos no Plan de Acción para Persoas Maiores da Xunta de Galicia. O protocolo ten como obxectivo desenvolver programas específicos destinados a acadar unha mellor calidade de vida para os maiores dependentes galegos e os seus familiares, ao tempo que presta unha especial atención á cobertura das necesidades dos enfermos de Alzheimer.

O departamento autonómico e o Ministerio destinarán un total 12.847.730 euros ao financiamento de programas e servizos destinados a persoas maiores e a persoas que sofren alzheimer. En total, o desenvolvemento de programas e servizos enmarcados no Plan de Acción para Persoas Maiores contará cun financiamento de 11.263.696 euros, dos que a Vicepresidencia aporta 5.722.562 euros e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais 5.541.134 euros.

No marco do Plan de Accións para Persoas Maiores 2006 é onde se desenvolverán estes programas nos que a Xunta colaborará co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Este Plan ten entre os seus obxectivos o financiamento de proxectos específicos destinados aos maiores galegos tales como construción, adaptación ou reconversión de prazas residenciais para aloxamento permanente ou temporal de persoas maiores afectadas por graves problemas de autonomía persoal. Paralelamente, promóvese a construción ou adaptación de centros de día destinados igualmente a persoas maiores que teñen mermada a súa autonomía persoal.

Ao tempo, destinaranse recursos para a construción ou adaptación de pequenas unidades de convivencia destinadas a persoas maiores con limitacións de autonomía persoal e que teñen problemas de illamento familiar. Tamén se financiarán estadias diurnas en centros de día e en aloxamentos alternativos; centros de atención permanente, temporal e de día para persoas que sofren Alzheimer; e programas específicos para os afectados por esta doenza, entre outros.



En concreto, os proxectos orientados á atención ás persoas que sofren Alzheimer e outras demencias recibirán en virtude deste protocolo un investimento de 1.584.000 euros, con achegas a partes iguais por parte da Xunta de Galicia e do Ministerio de 792.000 euros.

Proxectos concretos

Dentro deste protocolo de colaboración que Xunta e Goberno Central asinarán proximamente, financiaranse, pois, proxectos concretos en diferentes municipios galegos. Así, promoverase o mantemento de prazas residenciais para maiores en Cabanas e Ribeira (A Coruña); Castro de Rei (Lugo); Viana do Bolo (Ourense); e Ribadumia e Vigo (Pontevedra). Paralelamente, crearanse novas prazas residenciais para maiores e para afectados de Alzheimer en Santiago de Compostela e Castro de Rei (Lugo).



APROBADO O PLAN GALEGO DE VOLUNTARIADO 2006-2010 QUE PROMOVE A IMPLICACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA NA ACCIÓN VOLUNTARIA E PRIORIZA OS ÁMBITOS NOS QUE SE DESENVOLVERÁ ESTA PARTICIPACIÓN

- O Plan enfatiza na promoción, formación, apoio, coordinación e na calidade da acción voluntaria ao tempo que incorpora tres áreas específicas ás que se canalizará a acción voluntaria galega: benestar, medio ambiente e cooperación ao desenvolvemento
- As bases nas que se asenta este Plan consensuáronse no marco do Congreso Galego de Voluntariado celebrado o pasado mes de maio no que participaron máis de 500 persoas que traballan neste ámbito
- A característica principal deste Plan vén dada polo seu carácter transversal que atinxe ás áreas de inclusión social, autonomía persoal, infancia, cooperación, ambiental e cívico e aos ámbitos das entidades, a administración pública, a educación e a empresa
- O Plan prevé catro ámbitos principais de organización dos voluntarios, as entidades de iniciativa social, as administracións públicas, o ámbito educativo e o mundo empresarial
- A Xunta promoverá proximamente a Lei de voluntariado de Galicia

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o Plan Galego de Voluntariado 2006-2010, folia de ruta que marcará as liñas que o Goberno galego seguirá en materia de políticas de fomento do voluntariado. O Plan será o principal instrumento de planificación para o voluntariado de Galicia e responde ás necesidades de axeitar os instrumentos xurídicos e administrativos á realidade actual do voluntariado, que mudou moito nos últimos anos. Así, este Plan pretende implicar á sociedade galega na acción voluntaria, priorizando os ámbitos nos que se ha desenvolver esta participación.

O Plan Galego de Voluntariado 2006-2010 incide en elementos importantes como poden ser a énfase na promoción, na formación, no apoio, na coordinación e na calidade da acción voluntaria, pero incorpora tamén importantes novidades, como son as áreas sobre as que se quere articular a acción voluntaria. Neste senso, preténdese diferenciar entre o voluntariado nas área do benestar, o voluntariado ambiental, o cívico e a cooperación para o desenvolvemento.

Elementos definitorios do Plan

O II Plan Galego de Voluntariado concíbese como un instrumento participativo, xa que as súas bases sentáronse no Congreso Galego de Voluntariado, celebrado o pasado mes de maio, no que participaron máis de 500 persoas. Trátase ademais dun Plan modificable xa que trimestralmente se fará unha revisión interna dos obxectivos que



se recollen no Plan, que se irán modificando e adaptando en función das necesidades. Ademais, darase conta no Consello, unha vez ao ano, das medidas executadas.

Outra das características que definen o Plan é a súa transversalidade, porque se trata dun plan vivo, que atinxe ás áreas de inclusión social, autonomía persoal, infancia, cooperación, ambiental e cívico e aos ámbitos das entidades, a administración pública, a educación e a empresa. Finalmente, é un plan útil, xa que lle serve á propia dirección xeral para ter claras as actuacións inmediatas a levar a cabo e as liñas estratéxicas de actuación e tamén aos voluntarios e ás entidades que, deste xeito, dispoñen dun documento claro onde se explicita o papel da Xunta nas políticas de voluntariado e onde poder facer un seguimento dos acordos acadados e esixir o seu cumprimento.

Obxectivos Plan Galego de Voluntariado 2006-2010

O II Plan Galego do Voluntariado pretende acadar a participación activa da sociedade galega na súa realidade, buscando un incremento non tanto na cantidade, senón na calidade do voluntariado. Tamén persegue fortalecer as entidades de acción voluntaria, promover a participación voluntaria dos colectivos con maiores dificultades sociais ou menos representados no ámbito do voluntariado, e mellorar, sistematizar e cualificar a formación do voluntariado.

Preténdese implicar a toda a Administración autonómica no proxecto de desenvolvemento dunha cidadanía activa así como elaborar a Lei de voluntariado de Galicia e a Lei de situacións de emerxencia.

Ámbitos do voluntariado

O Plan prevé catro ámbitos principais de organización dos voluntarios, as entidades de iniciativa social, as administracións públicas, o ámbito educativo e o mundo empresarial.

No que respecta ás entidades de iniciativa social, a prioridade é facilitar e consolidar nas entidades de iniciativa social, unha xestión transparente, eficaz e eficiente, baseada nunha modernización organizativa e funcional. Quérese ademais fomentar a participación da cidadanía a través do voluntariado en entidades de iniciativa social. Para iso, proporcionaranse os medios para campañas de divulgación das propias entidades, promocionaranse as accións de voluntariado nas radios e nas televisións e creárase un portal web de referencia en temas de voluntariado en Galicia. Outro obxectivo, neste ámbito, é facilitar servizos de consultaría, formación e apoio para que as entidades melloren a súa xestión e poidan fortalecer a súa estrutura organizativa.



No tocante ao papel da administración pública os grandes retos son promover a elaboración da nova Lei de voluntariado de Galicia, garantir unha axeitada difusión do Plan Estratéxico de Acción Voluntaria 2006-2010 e crear centros de información de voluntariado, asociacionismo e participación.

No ámbito educativo, a través do Plan Galego de Voluntariado, preténdese incentivar e facilitar a colaboración dos centros educativos, do seu profesorado e dos seus alumnos, nas actuacións de voluntariado, así como crear a Escola Galega do Voluntariado.

Finalmente, as empresas están realizando un importante esforzo por servir os intereses da comunidade en que se asentán e están levando a cabo estratexias de Voluntariado Social Corporativo que é necesario planificar axeitadamente. De aí que o Plan Galego de Voluntariado prevé a difusión da responsabilidade social corporativa como unha estratexia para conciliar os intereses de lucro das empresas coa responsabilidade co seu contorno. Tamén se quere difundir o papel do Voluntariado Social Corporativo como instrumento para vincular as persoas das organizacións empresariais co tecido solidario do seu contorno.

Áreas do voluntariado

En canto aos campos de actuación sobre os que se quere articular a acción voluntaria, o futuro Plan establece especialmente catro grandes áreas: a do benestar, o voluntariado ambiental, o voluntariado cívico e a cooperación para o desenvolvemento.

No campo do benestar, quérese fomentar especialmente o voluntariado que traballa no eido da inclusión social, propiciando a integración daqueles colectivos en situacións especiais e difíciles. Tamén se busca impulsar a acción solidaria encamiñada ao mantemento da autonomía persoal das persoas con discapacidade ou dependencia en todos os ámbitos da súa vida.

Neste plan recóllese tamén a importancia da acción voluntaria dirixida á infancia, un dos ámbitos tradicionais en que se vén desenvolvendo a través das iniciativas de educación non formal (educación no tempo libre, educación en valores), pero no que tamén se incorporan cada vez máis proxectos relacionados coa inclusión social e a intervención social destinados a colectivos de infancia que presentan unhas necesidades específicas. O voluntariado dirixido á infancia tamén se quere potenciar en todas as súas vertentes, en canto supón a primeira experiencia dos nenos e mozos con experiencias solidarias e unha fonte como tal de futuros voluntarios.



Outra vertente é a de consolidar da acción voluntaria é a do voluntariado ambiental, con moito que achegar na mellora da xestión do medio ambiente, xa que contribúe a detectar problemas emerxentes, ao mesmo tempo que serve para sensibilizar a sociedade e trata de comprometela na súa solución.



A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 580.000 EUROS PARA O MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DAS ENTIDADES LOCAIS

- Así o recolle un convenio de colaboración que a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinará coa FEGAMP

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios (FEGAMP) para potenciar as actividades executadas polos concellos e Deputacións Provinciais durante o ano 2006 en relación co uso do galego na Administración local de Galicia. Para este fin, o Goberno galego destinará máis de 580.000 euros.

Mediante este convenio serán financiadas as actuacións de mantemento dos servizos de normalización lingüística locais e provinciais realizadas durante o ano 2006. Segundo especifica este convenio, a Consellería de Presidencia cooperará mediante unha achega de 581.650 euros con cargo aos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2006 que aboará á FEGAMP no momento da sinatura do convenio para que os transfira ás entidades locais correspondentes.

Precisamente sobre a repartición de fondos ás entidades locais, o texto indica que a contía se determinará consonte a totalidade do gasto destinado polas ditas entidades locais as actividades para potenciar o galego na Administración en 2006, así como, en relación ao investimento total da Consellería de Presidencia que estipula o documento. Para estes efectos, a FEGAMP presentará unha certificación referida ás entidades locais de Galicia que, no ano 2006, teñan constituído e en funcionamento un gabinete de normalización lingüística e manifestaran a súa vontade de acollerse ao estipulado neste convenio.



A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA ACHEGARÁ 50.000 EUROS PARA ACONDICIONAR A REDE MUSEÍSTICA E PATRIMONIAL DE CASTRO CALDELAS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre esta consellería e o Concello de Castro Caldelas

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o concello ourensán de Castro Caldelas para actuacións de acondicionamento da súa rede museística sacra-patrimonial. Para este obxectivo, a Xunta achegará un total de 50.000 euros.

O texto deste acordo establece que a tramitación e adxudicación das obras será realizada polo Concello de Castro Caldelas conforme a súa propia normativa, dándolle conta deste acto a Xunta mediante unha certificación expedida polo secretario xeral da corporación.

O acordo, que entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, establece, como é habitual nestes casos, o seguimento das accións de acondicionamento establecidas no seu texto mediante a creación dunha comisión mixta paritaria composta por un representante da Dirección Xeral de Administración Local e un representante do Concello de Castro Caldelas, que propondrá cantas actuacións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA A PARTICIPAR NA AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE SODIGA

- Sodiga aprobou unha ampliación de capital por 27,58 millóns de euros co obxectivo de incrementar a súa capacidade investidora
- A operación autorizada supón un desembolso de 6,49 millóns de euros e manter a participación da Comunidade Autónoma en Sodiga, cun 20,64%

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Economía e Facenda para realizar unhas operacións de adquisición de accións na sociedade de capital risco Sodiga, co fin de manter a súa participación na devantida firma tras a ampliación de capital que ten previsto abordar. A autorización aprobada suporá un desembolso global de 6,49 millóns de euros dos que 5,94 millóns de euros corresponden á participación da Xunta na ampliación de capital prevista, e 553.857 euros corresponderán á compra de accións de autocartera da sociedade. Deste xeito, a Comunidade Autónoma –a través da Consellería de Economía- manterá a proporcionalidade da súa representación no accionariado de Sodiga que ascende a un 20,64%. O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente pola súa vez da Consellería de Economía e Facenda, ostenta outro 46,70% do capital social.

Sodiga aprobou en outubro a dita operación por importe de 27,58 millóns de euros co obxectivo de incrementar a súa capacidade investidora. Así mesmo, o consello de dirección do Igape vén de aprobar a súa participación na ampliación de capital de Sodiga, cunha achega de 12,88 millóns de euros, o que supón manter a súa participación accionarial. Na sociedade tamén participan Caixanova, Caixa Galicia, Banco Pastor e BBVA.

ACCIONISTAS	%
IGAPE	46,70
Xunta de Galicia	21,55
Caixanova	14,15
Caixa Galicia	9,46
Banco Pastor	4,35
BBVA	3,79



O PLAN DE SEGURIDADE VIARIA 2006-2010 MARCA O OBXECTIVO DE REDUCIR AS VÍTIMAS MORTAIS EN ACCIDENTES NUN 40 POR CENTO

- Galicia conta por primeira vez cun Plan de Seguridade Viaria con actuacións integrais para atallar os accidentes nas estradas
- Trátase de que todas as consellerías integren a seguridade viaria nas súas liñas prioritarias de actuación

Galicia conta por primeira vez cun Plan de Seguridade Viaria no que se aborda desde unha perspectiva integral as medidas que hai que pór en marcha para atallar o número e o alcance dos accidentes de tráfico que se rexistran nas estradas da Comunidade Autónoma. O obxectivo básico deste Plan é acadar unha redución dun 40 por cento no número de vítimas mortais que se rexistra na actualidade nas estradas galegas. A aplicación destas medidas suporá un investimento mínimo de 2.800 millóns de euros para o período 2006-2010. Nesta cantidade inclúense investimentos directos que se dedicarán a campañas e actuacións específicas e tamén partidas destinadas á construción de novas vías e estradas.

A conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, presentou hoxe ante o Consello da Xunta o contido deste Plan, que responde a un compromiso do Goberno galego e que segue as directrices da Unión Europea en materia de seguridade viaria.

O Plan de Seguridade Viaria ten un carácter marcadamente multidisciplinar e na súa elaboración –que se realizou en colaboración coa Asociación Española de la Carretera– ademais de Política Territorial, participaron o resto das Consellerías da Xunta de Galicia, as administracións central e municipal e diversos colectivos sociais relacionados con esta problemática.

O documento final elaborado por Política Territorial recolle un total de 74 medidas concretas que se desenvolverán no período 2006-2010 partindo de tres factores clave como son a infraestrutura, o vehículo e o usuario. Cada medida que se debe pór marcha correspóndense con cada unha das liñas estratéxicas previamente definidas no Plan e que son: mellora da seguridade das infraestruturas; fomento do transporte público; fomento de condutas máis responsables; potenciación da educación e formación viaria; mellora da seguridade do vehículo; impulso á formación viaria laboral; apoio á investigación en seguridade viaria; e mellora da atención post accidente.

O Plan responde ao obxectivo da Xunta de Galicia de que cada unha das consellerías integre a seguridade viaria nas súas liñas prioritarias de actuación, xa que os logros



que se acaden neste eido serán froito dunha suma de esforzos tanto das administracións como da cidadanía.

Infraestruturas e transporte

O departamento con maior peso na aplicación do plan é a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que porá en marcha nos vindeiros cinco anos preto de 40 iniciativas concretas centradas no desenvolvemento do programa de estradas (construción de Vías de Alta Capacidade e Variantes de poboación, eliminación de tramos de concentración de accidentes, mellora e conservación de estradas, entre outros asuntos), no fomento do transporte público (Plans de transporte metropolitano, Noitebús, mellora de servizos ferroviarios, entre outras actuacións, na potenciación da educación viaria e formación viaria laboral e na mellora da seguridade dos vehículos.

A Consellería de Sanidade, pola súa banda, participa no Plan de Seguridade Viaria cunha ducia de iniciativas relacionadas coa concienciación de mozos e adultos, coa mellora da atención postaccidente (coordinación de efectivos, formación de profesionais do sector, axuda psicolóxica ás vítimas, entre outras medidas) e co fomento da investigación na área sanitaria.

O departamento de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza centrará as súas actuacións no desenvolvemento de plans de formación viaria laboral, mellora da seguridade no vehículo e investigación en seguridade viaria entre outros.

A mellora da seguridade dos vehículos e o apoio á investigación tamén centran as actuacións que serán competencia da Consellería de Innovación e Industria e que prevé, concretamente, iniciativas como a implantación do tacógrafo dixital e a implantación da ITV para ciclomotores.

Educación e formación viaria

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria colaborará na liña estratéxica específica que fai referencia á potenciación da educación e formación viaria. Neste senso, efectuará campañas de educación dirixida a estudantes, adultos e profesores, entre outros.

Pola súa banda, as actuacións de Medio Rural irán encamiñadas á formación no eido dos profesionais do campo e á mellora das condicións de seguridade dos vehículos agrícolas. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar actuará no fomento de condutas máis responsables con plans de concienciación da mocidade e de formación viaria. A Consellería de Vivenda e Solo tamén intervirá na mellora das infraestruturas no que se refire á seguridade en parques industriais e empresariais.



Doutra banda, Traballo intervén no fomento de condutas responsables entre os profesionais do sector do transporte, ao igual que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en plans de concienciación dos profesionais relacionados co sector pesqueiro.

Seguimento do Plan

A metodoloxía de traballo para a elaboración do Plan Galego de Seguridade Viaria tivo como punto de partida a análise exhaustiva dos antecedentes e da evolución dos accidentes en Galicia. Posteriormente, identificáronse os problemas que existen e deseñáronse accións para atallar cada problema concreto. Estas actuacións que o Plan recolle de xeito pormenorizado van acompañadas dunha dotación orzamentaria para o seu desenvolvemento e dun obxectivo a acadar.

A partir de agora, efectuarase un control periódico dos resultados dos programas que se poñan en marcha. Ademais, isto permitirá corrixir aquelas accións que non respondan ás expectativas iniciais, así como potenciar aqueles campos nos que se están a obter os resultados esperados.



OS NOVOS INVESTIGADORES DOS PROGRAMAS MARÍA BARBEITO E ISIDRO PARGA PONDAL INCORPÓRANSE ESTE MES

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá a modificación dos prazos de adxudicación e créditos das bases reguladoras das axudas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, inscritas no Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o ano 2006.

A modificación establece que os contratos de nova adxudicación correspondentes ao Programa María Barbeito e ao Programa Isidro Parga Pondal terán unha duración de dous anos, a desenvolver a partir da data que resulte da sinatura dos respectivos contratos, que deberán formalizarse como moi tarde o 31 de decembro. Dado que o prazo de entrega de solicitudes rematou o 18 de setembro de 2006 e ante o elevado volume de solicitudes en ambos programas, non foi imposible que o inicio dos contratos puidese levarse a cabo con data de 1 de outubro de 2006, como estaba previsto.

Por outro lado, apróbase modificar a distribución anual do crédito establecido para o Programa María Barbeito de axudas a contratos de predoutoramento de formación de doutores para a súa incorporación en organismos públicos e privados de investigación de Galicia e para o Programa Isidro Parga Pondal de axudas para a contratación de doutores en organismos públicos e privados de investigación de Galicia.

No caso do Programa María Barbeito, esta modificación consiste en que se minora en 262.800 euros a anualidade 2006 e auméntase na mesma cantidade a anualidade de 2008. Deste xeito, as axudas de nova adxudicación do Anexo I deste Programa acadan un total de 3.270.400 euros de financiamento, 146.000 euros en 2006, 1.635.200 euros en 2007 e 1.489.200 euros en 2008.

Do mesmo xeito, no Programa Isidro Parga Pondal prodúcese un traspaso de 308.893,3 euros da anualidade de 2006 á anualidade de 2008. Así, o Anexo II de novas adxudicacións deste Programa ascende a unha contía de 3.844.000 euros, distribuídos en tres anualidades: 171.606,7 euros en 2006, 1.922.000 euros en 2007 e 1.750.393,3 euros en 2008.



XUNTA E UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DUN PROGRAMA PILOTO SOBRE A VALORIZACIÓN DA BIOMASA FORESTAL COMO FONTE ENERXÉTICA

- A Consellería do Medio Rural achegará máis de 55.000 euros á realización deste estudo

A Consellería do Medio Rural asinará un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dun estudo e posterior programa piloto sobre a valorización da biomasa forestal como fonte enerxética, dotado cun orzamento de 55.400 euros distribuídos en dúas anualidades, segundo acordou o Consello da Xunta.

A vixente Lei de montes establece que as administracións públicas regularán mecanismos e condicións para incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados para os que se terá en conta a valorización enerxética dos residuos forestais e, pola súa parte, a Universidade de Vigo dispón de investigadores e recursos técnicos adecuados para a realización de traballos de investigación forestal de interese para a Consellaría do Medio Rural.

O contido do convenio principiará cunha investigación inicial que inclúe unha análise das necesidades e un inventario dos recursos da biomasa, o deseño dunha experiencia piloto e a consulta cos axentes implicados, fundamentalmente comunidades de montes veciñais en man común e propietarios forestais particulares. Logo desenvolverase un traballo de campo coa aplicación da experiencia piloto e a recollida de datos para, finalmente, presentar un informe coas conclusións e os resultados da experiencia piloto para a súa aplicación no marco institucional.



SANIDADE COLABORA COA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN NUN PROGRAMA DESTINADO A ATENDER OS DROGODEPENDENTES QUE NON ACODEN HABITUALMENTE Á REDE ASISTENCIAL NORMALIZADA

- Ao abeiro deste convenio de colaboración, a Consellería de Sanidade achegará un total de 171.493 euros
- O Programa que porá en marcha a Fundación Érguete-Integración atenderá sobre todo a poboación xuvenil
- Paralelamente, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre Sanidade e a Asociación Española de Normalización e Certificación para o ano 2007 co fin de impulsar actividades de normalización e promoción da calidade na área de aprovisionamento e subministración dos centros administrativos e sanitarios públicos galegos

A Consellería de Sanidade colaborará coa Fundación Érguete-Integración no desenvolvemento dun programa que porá en marcha esta entidade baixo a denominación Programa de Intervención Precoz con Drogodependentes en Situación de Exclusión Social (SISIFO). Para o desenvolvemento deste programa que se centra en promover accións de prevención e loita contra a drogodependencia, a Consellería de Sanidade achegará un total de 171.943 euros. Este programa está destinado a achegarse ao colectivo drogodependente que non acode habitualmente á rede asistencial normalizada, atendendo sobre todo á poboación xuvenil

A carencia de recursos deste colectivo dificulta o seu acceso a medidas hixiénicas e alimenticias básicas; unha situación que aumenta a posibilidade de infección ou transmisión de enfermidades, e repercute negativamente no seu estado de saúde ou calidade de vida.

Por parte da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, a través do Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, levarase a cabo un control do desenvolvemento do programa. A Fundación Érguete-Integración, pola súa banda, comprométese a desenvolver a xestión do programa SISIFO, e programar e coordinar as diferentes actividades que se desenvolverán.

Addenda ao convenio con AENOR

O Consello da Xunta tamén autorizou na súa reunión de hoxe a addenda de 6.000 euros ao convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e AENOR para impulsar actividades de normalización e promoción da calidade na área de aprovisionamento/subministración dos centros administrativos e sanitarios públicos galegos.



No marco deste convenio, o Servizo Galego de Saúde ten en marcha o proxecto corporativo APROVISO 9mil, co obxecto de implantar sistemas de xestión de calidade e mellora continua, con sistemas acordes coa lexislación e exigencias normativas que regulan a xestión de centros sanitarios públicos e que se certifican no marco das normas ISO 9000. AENOR xa distinguiu co seu certificado de calidade o Hospital Comarcal da Barbanza e o Servizo Central de Aproveccionamento do Servizo Galego de Saúde.



MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ PRETO DE 200.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO CORUÑÉS DE ARZÚA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 199.738 euros na construción dun punto limpo no concello coruñés de Arzúa, tras a autorización da colaboración técnica e financeira entre as administracións autonómica e local, aprobada hoxe polo Consello da Xunta.

O punto limpo instalarase no polígono industrial de Arzúa, nunha superficie de 1.164 metros cadrados, aos que se suman os accesos que se van pavimentar e a influencia de noiros, de xeito que a superficie total de actuación será de preto de 2.000 metros cadrados.

As obras que se van executar consistirán no movemento de terras, urbanización e axardinamento da zona; a construción de instalacións xerais, casetas de oficina e almacén; o peche da zona e construción de accesos a ela e a instalación de colectores e sinalización. O prazo de execución da obra é de tres meses.



A SELAXE E CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS DO CONCELLO CORUÑÉS DE MAÑÓN TERÁ UN CUSTO DE CASE 166.000 EUROS

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 165.886 euros ao proxecto de adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Mañón (A Coruña), despois de que o Consello da Xunta aprobase hoxe a autorización da colaboración técnica e financeira entre as administracións autonómica e local.

Ésta é unha das actuacións previstas no Programa de Rexeneración de Espazos Degradados, incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, co fin de restaurar as zonas ocupadas por antigos vertedoiros municipais.

O vertedoiro de Mañón está situado no monte Cañoles, na localidade do Barqueiro, en que se recolle o lixo procedente das cinco parroquias deste municipio: Mogor, Bares, Ribeiras do Sor, Mañón e Grañas do Sor. A zona conta cun importante valor paisaxístico, polo que a selaxe do vertedoiro permitiría mellorar o contorno.

O proxecto iniciarase coa recollida dos residuos dispersos nas inmediacións do vertedoiro para proceder recolocalos e compactalos para reducir a superficie que haxa que selar. Posteriormente procederase a acometer a selaxe superficial e as obras de drenaxe, xunto á captación e control de lixiviados e o control de gases. A obra completárase coa instalación dun peche metálico e a revexetación da superficie selada.

Así mesmo, establecerase un programa ambiental para o seguimento, control e vixilancia dos traballos realizados.

O prazo de execución da obra será de cinco meses e estará financiada ao 100% pola Consellería de Medio Ambiente, con cargo aos orzamentos do 2007.



MEDIO AMBIENTE ACHEGARÁ 30.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DAS XUNTAS PARROQUIAIS RURAIS DE IMBABURA, EN ECUADOR

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 30.000 euros a capacitación, asistencia técnica e formación das xuntas parroquiais rurais da provincia de Imbabura, en Ecuador, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Manuel Vázquez e a Axencia de Desenvolvemento Local da dita provincia ecuatoriana (ADEPI).

O convenio enmárcase nas liñas de actuación que a Consellería de Medio Ambiente leva a cabo para a coordinación e impulso de proxectos de cooperación internacional destinados á implantación do desenvolvemento sostible.

Neste sentido, as actuacións previstas teñen como obxecto fortalecer o desenvolvemento rural provincial mediante a capacitación, asistencia técnica e formación das 36 xuntas parroquiais que conforman a provincia de Imbabura.

A actividade formativa centrarase en tres ámbitos, como son a elaboración e xestión de proxectos, o manexo e control administrativo e financeiro e a normativa legal de xuntas parroquiais. A formación impartirase aos representantes destas xuntas, secretarios contadores e executivos parroquiais, mediante seminarios e talleres, cunha duración de 60 horas por área.

O proxecto contará cun orzamento total de 47.458 euros, dos cales a Consellería de Medio Ambiente achegará 30.000 euros (algo máis do 63%) e a ADEPI 17.458 euros (o 36%). O investimento da Consellería distribuirase en dúas anualidades, a primeira delas de 28.000 euros con cargo aos orzamentos do 2006, e a segunda de 2.000 euros con cargo aos de 2007.

O convenio estará vixente ata decembro de 2007, e neste período a Consellería de Medio Ambiente prestará asistencia técnica para a xestión dos cursos e selección do profesorado, e ocuparase de impartir a formación no curso de elaboración e xestión de proxectos.

Así mesmo, constituirase unha comisión mixta de seguimento que velará polo seu cumprimento.



Axenda 21

Con este convenio, a Consellería responde ao compromiso de pechar o ciclo de intervencións nesta provincia ecuatoriana, iniciado en 2004. Neste senso desenvolvéronse iniciativas como a de financiar a Axenda 21 de Imbabura, en que figura como “proxecto prioritario” a capacitación, asistencia técnica e formación das xuntas parroquiais, para que poidan xerar por elas mesmas os seus propios proxectos e mellorar a súa xestión interna.

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente puxo en marcha dende o inicio da súa colaboración con esta rexión ecuatoriana un total de seis proxectos ambientais do Plan de Acción de Imbabura, por un importe de 825.667 euros.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A SEGREGACIÓN DA PROPIEDADE DA PLISAN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, O CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

- A Consellería de Vivenda e Solo pasa a posuír o 18% do ámbito da PLISAN, o que supón un total dun millón de metros cadrados

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a segregación da propiedade da Plataforma Loxística Industrial Salvaterra – As Neves, PLISAN, entre a Consellería de Vivenda e Solo, Zona Franca e Autoridade Portuaria. Tras a aprobación da segregación dos terreos, a Consellería de Vivenda posuirá o 18% da superficie total, Zona Franca o 21% e Autoridade Portuaria o 60%. Deste xeito, a Consellería de Vivenda e Solo ten en propiedade un millón de metros cadrados dentro do ámbito da PLISAN.

Dentro dese millón de metros cadrados propiedade do departamento autonómico, a superficie neta para solo empresarial ascende a 400.000 m², que a Consellería oferta coa seguinte parcelación inicial: 63 parcelas de ata 3.000 m², 34 parcelas de entre 3.000 e 5.000 m², 14 parcelas de máis de 5.000 m². Ademais, a titular de Vivenda e Solo anunciou que se van ofertar naves modulares en réxime de aluguer para PEMES cunha superficie desde 600 m² o módulo.

Na actualidade, Vivenda mantén aberto o prazo para que as empresas que estean interesadas presenten as súas solicitudes de reserva de solo ata o 31 de decembro de 2006. Na selección das empresas primarase o proxecto empresarial que se presente, o investimento que se realizará e os postos de traballo que xere, entre outros criterios. A oferta inicial de parcelas será adaptada á demanda empresarial que se rexistre consonte as solicitudes de reserva.

As previsións da Consellería pasan por iniciar antes de que remate o ano o movemento de terras que terá unha duración de 6 meses, para poder iniciar no segundo semestre de 2007 as obras de urbanización cunha duración estimada de 8 meses, o que permitirá que a Consellería poida iniciar a construción das naves no 1º trimestre de 2008.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO

- Este parque, que conta con 330.000 metros cadrados, é desenvolvido pola Sociedade Empresarial do Atlántico, en que a Consellería de Vivenda e Solo participa nun 15 por cento

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o Proxecto sectorial e o Proxecto de urbanización do Parque Empresarial de Vimianzo (A Coruña) rematando así a súa tramitación, polo que poderá procederse á contratación das obras. Este parque será desenvolvido pola Sociedade Empresarial do Atlántico (SEA), en que a Consellería de Vivenda e Solo participa nun 15%.

A SEA completou o pasado mes de outubro a adquisición do 100% dos terreos necesarios para a construción do Parque Empresarial de Vimianzo, que terá unha superficie de 330.000 metros cadrados.



A XUNTA DESTINA, NO PERÍODO 2006-2007, PRETO DE 40 MILLÓNS DE EUROS Á CONVOCATORIA DE 20.000 AXUDAS PARA MERCAR ORDENADORES E A DOTAR DE 40.000 EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS AOS CENTROS EDUCATIVOS

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre a aposta que está a realizar o Goberno galego polas tecnoloxías da información e a comunicación no eido do ensino
- De forma pioneira, en 2006, a Xunta convocou 10.000 axudas destinadas ás familias para mercar un ordenador, iniciativa na que se investiron 3 millóns de euros
- Así mesmo, o Goberno galego investiu 16 millóns de euros en 2006 para a dotación de material informático e infraestruturas das comunicacións nos centros educativos
- O obxectivo é que no período 2006-2007 se destinen un total de 32 millóns de euros a esta última iniciativa

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre a aposta que está a realizar o Executivo galego polas tecnoloxías da información e a comunicación nos centros públicos de ensino non universitario. Segundo se recolle no informe, o Goberno galego destinará preto de 40 millóns de euros, repartidos no período 2006-2007, a dotar de 40.000 novos equipamentos informáticos e multimedia aos centros educativos e para facilitar que as familias galegas con rendas máis baixas poidan mercar un ordenador, a través da convocatoria de 20.000 axudas.

De feito e co obxectivo de fomentar o uso das novas tecnoloxías entre o alumnado, o Goberno galego xa convocou en 2006, de xeito pioneiro, axudas destinadas a familias de baixa renda para facilitar a compra dun ordenador. En total, no exercicio de 2006 a Xunta convocou un total de 10.000 axudas de 300 euros cada unha, ao que se destinaron un total de 3 millóns de euros.

Esta convocatoria realizouse en dúas quendas, unha primeira, convocada no mes de abril, da que se beneficiaron 5.555 familias e á que se destinaron 1,7 millóns de euros; e unha segunda, convocada en outubro, na que se concederon un total de 4.445 axudas, cunha dotación total de 1,3 millóns de euros.

Ao igual que en 2006, no exercicio 2007 a Xunta tamén convocará outras 10.000 novas axudas de 300 euros cada unha para mercar ordenadores.



32 millóns para dotación de material informático aos centros

Paralelamente, o Goberno galego, a través da Consellería de Educación, puxo en marcha un programa que permitirá dotar os centros docentes de 17.000 ordenadores, 1.000 vídeo-proxectores, 1.000 impresoras e 308 taboleiros dixitais. De feito, este material xa está sendo recibido nos distintos centros educativos e o obxectivo da Administración educativa é realizar unha acción similar no vindeiro curso, de tal xeito que as dotación se multiplicarán por dous.

A esta actuación hai que engadirle outras accións que se están a realizar en materia de comunicacións e novas tecnoloxías nos centros educativos. De feito, neste momento, a práctica totalidade dos centros de infantil, primaria, ESO e postobrigatoria están conectados á Internet.

Para a consecución deste obxectivo, a Administración educativa investiu en 2006 un total de 16 millóns de euros na dotación de material informático, comunicacións e infraestruturas.

En 2007 o Goberno galego destinará unha cantidade semellante, de tal xeito que, en dous exercicios o investimento nesta partida ascenderá a preto de 32 millóns de euros.

Formación do profesorado

Paralelamente, o departamento autonómico de Educación está a desenvolver accións de formación dirixidas ao profesorado centradas na realización de cursos a distancia (que contan coa participación de máis de 600 alumnos); introdución ao manexo de ordenadores; informática musical; aplicación dos programas de uso gratuíto; uso didáctico dos novos medios; elaboración de páxinas web; elaboración de materiais didácticos multimedia ou internet como recurso didáctico; e á realización de seminarios permanentes, proxectos de formación en centros, etc.

Así mesmo, a Xunta tamén convocou axudas para a realización de proxectos de innovación para a incorporación das TIC á educación. Desta convocatoria resultaron seleccionados 10 centros educativos que conforman a rede galega de centros TIC.

Por último, tal e como se recolle no informe elevado hoxe ao Consello da Xunta, a administración educativa, tamén oferta, ademais das axudas económicas e materiais, servizos de asesoramento e asistencia, poñendo a disposición dos centros seleccionados un espazo web que pretende favorecer o intercambio de experiencias e a creación dunha rede de traballo.